

C.E.I.P. PLURILINGÜE MANUEL BERMÚDEZ COUSO

CIRCULAR DE INICIO DE CURSO 2019/20

ESTIMADAS FAMILIAS QUEDADES CONVOCADAS A UNHA REUNIÓN QUE TERÁ LUGAR O VINDEIRO LUNS, 7 DE OUTUBRO DO 2019 ÁS 16:15 HORAS NO SALÓN DE ACTOS DO CENTRO COS SEGUINTE PUNTOS A TRATAR:

1. HORARIO DE ATENCIÓN DOS TITORES/AS E DIRECCIÓN:

O titor/a do seu fillo/a poderá atendelos todos os luns de 17:00 a 18:00 horas. Lembrar que é recomendable concertar cita previamente, para que o titor/a poda recopilar información de todo o profesorado que lle imparten clases ó seu fillo/a.

Se por calquera urxencia precisan vir noutro momento, poderán atenderse nos recreos. Respecto de dirección estarán dispoñibles o luns de 12:00 a 12:55 horas avisando previamente.

2. PROFESORADO CURSO 2019/20:

E.INFANTIL:	Mª JOSÉ DIEGO ELENA LOLI	4 anos 5 anos 3 anos Apoio E.I.
E.PRIMARIA:	MARIAJO MARISOL LOLI JOSE ANTONIO LETICIA MARIA	PRIMEIRO SEGUNDO TERCEIRO CUARTO QUINTO SEXTO
ESPECIALISTAS:	MARÍA PILAR JANO BELISARIO MARÍA BLANCO MONTSE VANESSA	INGLÉS MÚSICA ED.FÍSICA RELIXIÓN PT AL ORIENTACIÓN AUX.CONVERSA

PUNTOS DE INTERESE:

- *Horario de atención dos titores/as e dirección*
- *Titores curso 2019/20.*
- *Usuarios/as do comedor e transporte.*
- *Calendario escolar*
- *Normas básicas de funcionamento do centro.*

3. USUARIOS/AS DO COMEDOR E TRANSPORTE:

Os nenos/as **usuarios/as do comedor** teñen a súa dispoñibilidade o menú escolar mensualmente. Ademais é importante que respecten as normas do seu uso e funcionamento. O persoal encargado de comedor é Jose Antonio contando no equipo con cinco colaboradores/as así como cociñeiro e axudante de cociña. Se existe algún tipo de alerxia ou problema alimenticio debe comunicarse con informe ó encargado. Os alumnos/as deben aprender e ser quen de comer variado con fins a enriquecer a súa saúde alimenticia.

O alumnado de **transporte** debe comunicar á cuidadora a súa ausencia no caso de non poder asistir algún día.

Respecto das novidades deste ano informamos que o alumnado este ano pode anotarse en dúas paradas distintas sempre que sexan días fixos da semana.

Outra novidade respecto ó transporte é que os autobuses de augas do incio están autorizados para transportar persoas adultas que queiran utilizar este servizo.